D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.  
D. Gonzalo Muíños, representante do grupo PSOE.  
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.  
D. Angel Pérez Otero, xefe sección biodiversidade.  
Dª Inmaculada Viña, interventora xeral municipal.  
D. Francisco Javier Castiñeira, director da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.


Os membros da mesa de contratación, logo de analizar o informe emitido polos técnicos municipais que se achega a este acta, que, esencialmente, mantén as consideracións que motivaron o rexeitamento da oferta da empresa FEITORÍA VERDE e propón, en consecuencia, o rexeitamento das súas alegacións **ACORDAN:**

**PRIMEIRO:** Rexeitar as alegacións presentadas pola empresa FEITORÍA VERDE S. Coop Galega por entender que as argumentacións nela recollidas non permiten reconsiderar os motivos da proposta de rexeitamento da súa oferta formulada por esta mesa en reunión celebrada o pasado 30 de abril.

**SEGUNDO:** Manter, polo tanto, a proposta de adxudicación da licitación a favor da empresa **Sociedade Cooperativa Galega de Educación Medioambiental CEM.**


Ás 9:00 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE  
O/A PRESIDENTE DA MESA**



**O/A SECRETARIO/A DA MESA**





## CONCELLO DE SANTIAGO

Redáctase este informe en relación o escrito de alegacións ao procedemento de contratación relativo o servizo de organización e realización de actividades de educación ambiental e o programa de actividades, atención ao público e visitas guiadas no Centro de interpretación de medio urbano e natural de Santiago de Compostela cos criterios do prego, CON/5/2015.

Feitoría Verde S. Coop. Galega presenta un escrito de alegacións o procedemento , asinado por Paula Lubián Fernández, con entrada no Rexistro Xeral do Concello o 31239 do 30 de xuño de 2015.

Se reúne a Mesa de Contratación o 8 de xullo as 10:00 horas, encargándome a realización deste informe.

Na exposición dos feitos da alegación se alega :


“Segundo deducimos dos informes anexos a ditas actas nos que se expoñen os motivos que levan á mesa a tomar esa decisión, acórdase a exclusión da oferta presentada por Feitoría Verde porque “orzamenta cun custe 0€ o obxecto do contrato””

Na argumentación do escrito de alegacións se contrapón segundo Feitoría Verde co informe anexo á acta da segunda mesa de contratación:

“Na oferta presentada por Feitoría Verde S. Cop. Galega, inclúe no documento de memoria técnica, na páxina 40, Orzamento, un presuposto por un importe de 25.276,50 € despois de impostos. Neste presuposto non se inclúe especificamente as 791 horas de apertura do centro no horario requirido no prego...”

1.- No escrito de alegacións se indica que no orzamento da páxina 40 da memoria inclúe tódalas horas que Feitoría Verde propón para o desenvolvemento da proposta de dinamización e educación ambiental, incluído e descrito no apartado 2. Proposta de Educación e Dinamización do CIAC, da memoria (paxinas 3-30).

Informo que en ningún momento se negou que na Proposta de Educación e Dinamización do CIAC, da memoria (paxinas 3-30) non se incluíran as 791 horas de apertura do centro no horario requirido no prego, o que si se informou e que no orzamento da páxina 40, por un importe de 25.267,50 €, non se incluían especificamente, e resultando ese importe a contía total da oferta.



## CONCELLO DE SANTIAGO

2.- No escrito de alegacións se indica que as 791 horas de apertura, aparecen desglosadas nos distintos conceptos do cadro orzamentario de dito apartado.

Informo e reitero que no orzamento da páxina 40, por un importe de 25.267,50 €, e resultando ese importe a contía total da oferta, non se inclúan especificamente as 791 horas de apertura co centro, resultando difícil e en moitos casos imposible a suposta compaxinación e moito mais ao cen por cen, das tarefas indicadas na oferta coas requiridas no prego.

Entendo que as horas adicadas a actividades como investigación, estudo, avaliación e revisión do programa por un total de 129 horas do miradoiro de ecoloxía urbana non corresponden coas adicadas a ter o centro aberto para as vistas.

As horas de deseño e mantemento da horta (20 h), ampliación de información (17,5 h), roteiros e obradoiros 58 e 34 horas respectivamente), o ciclo de cinema ambiental (15 h), eventos, actividades trimestrais, xornada anual, deseño e execución (subcontartación) de cursos e ciclos (28, 16, 22, 12 e 10 horas), xunto coas xornadas de portas abertas (10 h), concurso escolar cooperativo (41 h), asesoramento de persoal en prácticas (60 h), mantemento e supervisión (40 h), coordinación de exposicións (50 h) que alcanzan un total de 562 horas non son especificamente as de apertura do centro no horario prefixado e a súa compaxinación coa apertura do centro e cando menos que difícil.

Nas actividades de visitas guiadas (54 h), itinerario autoguiado (17 h), recepción de grupos e proxecto de sensibilización EN centros escolares (367.2 h), coordinación de prestamos do centro a outras entidades (48 h) e visitas espontaneas e outras tarefas administrativas (151.5 h) por un total de 637.7 horas, son cando menos compartidas tendo en conta que a maior parte das visitas guiadas de escolares e tamén dos grupos, non coinciden coas do horario de apertura, o igual que as tarefas administrativas, etc.

Tendo en conta que ademais das horas de apertura en horario no prego se asignan a maiores 323 o banco de horas que tamén coincidirían con moitas das comentadas no paragrafo anterior

3. No escrito de alegacións se indica que as 791 horas de apertura, aparecen na páxina 31 da memoria técnica e se distingue o comprometido polo prego de condicións do que son as melloras achegadas por Feitoría Verde ao concurso.

Me reitero no informado no apartado nº 1.



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

4. No escrito de alegacións se indica que as 791 horas de apertura, aparecen no cronograma da paxina 38.

Me reitero no informado no apartado nº 1.

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2015

Xefe de Sección de Biodiversidade e Educación Ambiental  
Asdo: Ángel Pérez Otero

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CONZI0ED	<i>Expediente</i> CON/5/2015	

### ACTA DA 8ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Servizo de organización e realización do programa de actividades de educación medioambiental e o programa de actividades do Centro de Interpretación do Medio Urbano e natural de Santiago de Compostela así como a realización das funcións de atención ao público e visitas guiadas ao devandito Centro de Interpretación.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 21.310,22 euros máis IVE. **PROCEDIMENTO:** Negociado sen publicidade.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de contratación, R/Pte. Salvador Allende, 6-8, 31 de xullo de 2015, ás 8:45 horas.

#### **ASISTENTES:**

**Presidente:** Dª María Rozas Pérez.

**Vocales:** Dª Marta Irene Lois, representante do grupo CA.  
D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.  
D. Gonzalo Muíños, representante do grupo PSOE.  
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.  
D. Angel Pérez Otero, xefe sección biodiversidade.  
Dª Inmaculada Viña, interventora xeral municipal.  
D. Francisco Javier Castiñeira, director da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, toman coñecemento das alegacións presentadas pola empresa FEITORÍA VERDE, e acordan incorporalas ó expediente, entendendo que as cuestións suscitadas nas mesmas quedaron resoltas xa na anterior reunión desta mesa, e que, de acordo con informado polo director da asesoría xurídica, D. Javier Castiñeira, quedará aberta a vía do recurso contra o acordo de adxudicación da xunta de goberno, onde este licitador poderá de novo facer valer os seus dereitos.

Ás 9:15 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE  
O/A PRESIDENTE DA MESA**

**O/A SECRETARIO/A DA MESA**

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CONZI0ED	<i>Expediente</i> CON/5/2015	

### ACTA DA 9ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Servizo de organización e realización do programa de actividades de educación medioambiental e o programa de actividades do Centro de Interpretación do Medio Urbano e natural de Santiago de Compostela así como a realización das funcións de atención ao público e visitas guiadas ao devandito Centro de Interpretación.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 21.310,22 euros máis IVE. **PROCEDIMENTO:** Negociado sen publicidade.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de contratación, R/Pte. Salvador Allende, 6-8, 9 de setembro de 2015, ás 9:25 horas.

#### **ASISTENTES:**

**Presidente:** Dna. María Rozas Pérez.

**Vocales:** D. Rafa Peña, representante do grupo CA.  
D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.  
D. Gonzalo Muñíos, representante do grupo PSOE.  
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.  
D. Angel Pérez Otero, xefe sección biodiversidade.  
Dna. nmaculada Viña, interventora xeral municipal.  
D. Francisco Javier Castiñeira, director da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** Dna. Rocío Montañés Fernández, xefe de servizo de Contratación e Servizos Comunitarios.

En relación co punto da orde do día, o exame e valoración do informe da Sra Interventora de data 4/8/2015, toma a palabra a Sra. Interventora xeral para facer constar a súa petición de que nas mesas de contratación se aproben as actas das sesións anteriores para evitar posibles discrepancias como a que se está a plantexar nesta sesión.

Con respecto ao suposto que se está a tratar, na acta recollese que a causa da exclusión da oferta de Feitoría Verde é o feito de que non queda garantida na mesma a viabilidade do estudo económico á vista do orzamento presentado, non obstante a seu parecer eses termos non foron os que se expresaron na mesa nin no informe técnico, senón que díxose que no orzamento que contén a oferta non detalla, de xeito independente, o importe correspondente a apertura do centro.

Toma a palabra a presidenta sinalando que noutras actas se fala de que co orzamento que se achega, a xuízo do técnico, non se pode considerar garantida a viabilidade económica do contrato.

Manifesta o técnico redactor do informe que no orzamento non se detalla o importe económico destinado á apertura do centro, polo que a seu xuízo a viabilidade da oferta non está garantida, e podería solicitarse un informe doutro técnico que analice a viabilidade económica ou non da oferta.

Certamente, manifesta o Sr. Cela, existe unha contradición entre, o teor do texto da pax. 38, na que se di expresamente que se asume o horario de apertura do centro, e o orzamento da pax. 40, no que non se detalla o importe económico deste custe.

Os membros da mesa, á vista do contido dos pregos nos que non se expresa a incompatibilidade entre a prestación de horas de apertura do centro e de horas de actividades, tal e como parece inferirse do informe técnico que levou á desestimación da oferta de Feitoría Verde, acorda realizar unha nova valoración da oferta tendo en conta estas premisas e as alegacións da empresa Feitoría Verde. O novo informe trasladarase á mesa para a súa consideración.

Ás 10:55 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE  
O/A PRESIDENTE DA MESA**

**O/A SECRETARIO/A DA MESA**





**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

**Asunto :** Servicio contratación e realización programa de actividades de educación mediomambiental e o programa de actividades do Centro de Interpretación de medio Urbano e natural de Santiago de Compostela

Visto o contido da redacción da Acta nº 2 da mesa de contratación de data 20 de abril de 2015 , así como a 3 e 4 se pon de manifesto pola asinante deste escrito o seguinte :

Os diversos informes . do Técnico Xefe de sección de biodiversidade e educación ambiental non establece en ningún momento con carácter expreso que o estudio de custos da oferta excluída ( FEITORIA VERDE ) “ ... non garante a viabilidade económica do contrato .. ”

Non se recollen na acta as manifestacións verbais do Técnico asinante en tal senso, que é precisamente o que motivou a proposta da mesa e o voto da Intervención na mesma

A tal efecto , o Técnico manifestou verbalmente que o nº de horas que se asignaban aos traballos incluídos como melloras, non estaban identificadas como tal , non podendo o técnico identificar que se garantizaba a prestación integra de nº de horas do prego e ademais do nº de horas das melloras .

Chegando a conclusión verbal de que o nº de horas asignado as melloras era tal , que non podía garantir que a demais se realizase o servizo co nº de horas establecido no prego , do cal deducía a inviabilidade económica do contrato .

Sendo que non se recollen as manifestacións verbais , que aclaran este extremo , a redacción das actas é incorrecta a xuízo de que asina , debendo clarificarse tal aspecto xa que non foi a mesa de contratación , xa que é incorrecto que o informe técnico analizado estableza tal extremo

O que poño en coñecemento da Presidenta da mesa e o secretario da mesma aos efectos oportunos  
Santiago de Compostela , 4 de agosto de 2015

**A INTERVENTORA XERAL**



SRA Presidenta da mesa de contratación : exp CON/5/2015  
SR Secretario da mesa de contratación : exp CON/5/2015

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CONZI0ED	<i>Expediente</i> CON/5/2015	

### ACTA DA 10ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Servizo de organización e realización do programa de actividades de educación medioambiental e o programa de actividades do Centro de Interpretación do Medio Urbano e natural de Santiago de Compostela así como a realización das funcións de atención ao público e visitas guiadas ao devandito Centro de Interpretación.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 21.310,22 euros máis IVE. **PROCEDEMENTO:** Negociado sen publicidade.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de contratación, R/ Pte. Salvador Allende, 6-8, 1 de outubro de 2015, ás 10:45 horas.

#### **ASISTENTES:**

**Presidente:** Dna. María Rozas Pérez.

**Vocales:** D. Rafa Peña, representante do grupo CA.  
D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.  
D. Gonzalo Muñíos, representante do grupo PSOE.  
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.  
D. Angel Pérez Otero, xefe sección biodiversidade.  
Dna. Inmaculada Viña, interventora xeral municipal.  
D. Francisco Javier Castiñeira, director da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación proceden ao examen do informe emitido polo técnico no que se realiza unha nova valoración da oferta do licitador Feitoría Verde, tendo en conta as alegacións presentadas por dita empresa.

Verificado que este novo informe axústase os requerimentos fixados na anterior sesión desta mesa, os seus membros acordan por unanimidade considerar que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a da empresa FEITORÍA VERDE.

En consecuencia, propoñen que a xunta de goberno local acorde:

**PRIMEIRO:** Deixar sen efecto a proposta desta mesa de 30 de abril pasado de rexeitamento da oferta presentada pola empresa Feitoría Verde Soc. Coop. Galega e de adxudicación a favor da empresa Sociedade Cooperativa Galega de Educación Medioambiental CEM.

**SEGUNDO:** Trasladar ao Alcalde o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ó licitador FEITORÍA VERDE Soc. Coop. Galega, que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un importe de **20.882,25 euros IVE** aparte, así como un conxunto de melloras cun valor económico total de 4.772,56 euros, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requerimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 11:10 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE  
O/A PRESIDENTE DA MESA



O/A SECRETARIO/A DA MESA

Redáctase este informe a petición da mesa de contratación do 09/09/2015 para avalialas ofertas presentadas por ADEGA (Asociación Para a Defensa Ecolóxica de Galicia), SOREX Ecoloxía e Medio Ambiente, Feitoria Verde S.Coop. Galega e CEM, S. Coop. Galega, no sobre A proposicións relativas ao Servizo de Organización e realización de actividades de educación ambiental e o programa de actividades, atención ao público e Visita guiadas no Centro de Interpretación de medio urbano e natural de Santiago de Compostela cos criterios do prego, CON/5/2015, atendendo os acordos da mesa de contratación do 9 de setembro de 2015.

Tendo en conta o acordo da mesa, na que a vista do contido dos pregos, nos que non se expresa a incompatibilidade entre a prestación de horas de apertura do centro e horas de actividades, se realiza unha nova avaliación das ofertas.

## **1.- MELLORAS OFERTABLES POLAS EMPRESAS PARA INCREMENTAR A VALORACIÓN DA SÚA OFERTA**

**As melloras deberán de definirse e describirse detalladamente, acompañando unha valoración económica xustificada e acreditable, o que permitirá a súa valoración obxectiva en directa relación a baixa ofertada sobre o tipo de licitación. Páxina 19 de 24 , anexo 0, cadro de características técnicas, documento CONZI00W**

- Realización de campañas de comunicación e promoción do CIAC e a súa actividade, deseño e impresión de cartaces, trípticos e o seu envío a centros de ensino, ou socioculturais, etc, tanto en formato dixital como en papel.
- Realización de concursos e o suministro dos premios respectivos, encamiñados a promoción do CIAC e a concienciación e promoción ambiental.
- Incremento das horas ofertadas para actividades ou apertura do CIAC.

## **2.- OFERTA ECONÓMICA SEN IVE**

ADEGA:	20.400,00 €
SOREX:	18.917,00 € (incluíndo abaixo de 1000 € realizada despois da apertura de plicas.)
Feitoria Verde:	20.882,25 €
CEM:	19.834,71 €

### 3.- CRITERIOS

A oferta de horas e a súa avaliación económica se realizou seguindo o seguinte criterio:

Na Memoria xustificativa de necesidade e económica para a contratación do servizo en cuestión do 4 de decembro de 2014, se asignan 23.5 horas semana a actividade ordinaria do centro, que multiplicado polas 52 semanas alcanza un valor anual de 1222 horas, que sumadas as 323 horas incluídas no banco de horas indicado no prego, alcanza un total anual de 1545 horas que se utilizaran para o computo do valor de cada hora nas respectivas ofertas avaliadas.

ADEGA: Oferta 20400 € / 1545 horas resulta 13.20 €/hora.

SOREX: Oferta 18917 € / 1545 horas resulta 12.24 €/hora.

CEM: Oferta 19834.71 € / 1545 horas resulta 12.84 €/hora.

Feitoría Verde: Oferta 20882.25 / 1545 horas resulta 13.52 €/hora.

**- Realización de campañas de comunicación e promoción do CIAC e a súa actividade, deseño e impresión de cartaces, trípticos e o seu envío a centros de ensino, ou socioculturais, etc, tanto en formato dixital como en papel.**

**ADEGA:** oferta entre outros dous trípticos e cartaces pero non o acompaña de avaliación económica.

**SOREX:** Oferta 100 unidades de trípticos, 100 unidades de cartaces e envío de cartaces dixitais por importes relativos de 150, 150, e 120 €, facendo un total de **420 €**.



**Feitoria Verde:**

Na memoria presentada (apartado 2.1, páxinas da 4 a 8 inclusives) en ningún momento se asignan horas nin avaliación económica nas actividades e tarefas descritas.

Oferta unha campaña de comunicación e impresión de material pero non o acompaña de avaliación económica (paxinas 31 e 32).

Na páxina 33 da memoria , dentro do apartado 3 mellora propostas di:  
 “O cadro que aparece a continuación enumera aqueles aspectos recollidos na memoria que supoñen unha mellora. Trátase de actividades que o CIAC ofrecería dentro da súa programación e que non están incluídas no requisitos do prego de cláusulas.”


O plan de difusión e comunicación na páxina 34 detalla:

Apartado	Mellora	Nº de horas globais (dedicadas a melloras)	Melloras		Reporte económico (€)
			Horas de apertura	Horas fora de apertura	
Plan de difusión e comunicación	Visualización ...	24	0	0	264
	Elaboración de material divulgativo	46	0	0	176

A vista da memoria presentada, dos criterios establecidos no prego, e os acordos das mesas de contratación, considero na data de hoxe a opción a ter en conta a seguinte:

Considerando 0 horas Melloras tendo en conta a valoración económica de 13.52 €/hora alcanza un total de **0 €**.

**CEM:** Oferta 2000 trípticos , 2000 cartaces por un importe de 300 e e 1500 € respectivamente facendo un total de **1800 €**.



## CONCELLO DE SANTIAGO

- Realización de concursos e o suministro dos premios respectivos, encamiñados a promoción do CIAC e a concienciación e promoción ambiental.

**ADEGA:** oferta non acompaña de avaliación económica.

**SOREX:** oferta 900 € para un concurso e premios.

### Feitoria Verde:

Na memoria presentada (exceptuando as páxinas 34, 40 e 41) en ningún momento se asignan horas nin avaliación económica nas actividades e tarefas descritas.

Na páxina 26 dentro do apartado Faladoiros de ecoloxía urbana. Actividades en centros escolares. Concurso-Cooperativo "Mapa emocional de Santiago". Non se asignan nin horas nin avaliación económica.

Na táboa da páxina 34:

Apartado	Mellora	Nº de horas globais (dedicadas a melloras)	Melloras		Reporte económico (€)
			Horas de apertura	Horas fora de apertura	
Plan de difusión e comunicación	Concurso emocional Santiago... "Mapa de de	41	0	6	621.5

Na táboa da páxina 41 indica que o Concurso escolar cooperativo "Mapa emocional de Santiago" Horas 41, prezo 621.5 €.

Non conseguindo establecer criterio, o informante, de si solo se ofertan 6 horas fora de horario de apertura (de ser así non aparece indicado o prezo) e se terían que descontar das 251 que aparecen no subtotal que asignan a outro epígrafe de melloras, ou si se teñen que ter en conta 41 horas e un reporte económico de 621.5 €, non aclarando en ningún momento na oferta (páxina 34 cal é o reporte económico da hora que varia segundo o apartado que se analice.

A modo de exemplos:

Apartado	Mellora	Nº de horas globais (dedicadas a melloras)	Horas de apertura	Horas fora de apertura	Reporte económico (€)
Plan de difusión ...	Visualización exterior	24	0	0	264
Plan de difusión ...	Elaboración de material ...	46	0	0	176

Apartado	Mellora	Nº de horas globais (dedicadas a melloras)	Horas de apertura	Horas fora de apertura	Reporte económico (€)
Faladoiros.. Act. puntuais...	Xornada de Divulgación	22	10	0	313
Faladoiros.. Actividade puntuais...	Curso ciclo formativo	22	10	0	638

A vista da memoria presentada, dos criterios establecidos no prego, e os acordos das mesas de contratación, considero na data de hoxe a opción a ter en conta a seguinte:

Considerando 6 horas Melloras tendo en conta a valoración económica de 13.52 €/hora alcanza un total de **81.12 €**.


**CEM:** Oferta para un concurso de debuxos e contos para escolares e os respectivos premios **500 €**.

**- Incremento das horas ofertadas para actividades ou apertura do CIAC.**

**ADEGA:** oferta 171 horas en total das que 156 incrementa o horario de apertura e 15 o banco de horas, tendo en conta a valoración económica de 13.20 €/hora alcanza un total de **2257.20 €**.

**SOREX:** oferta 27 horas, tendo en conta a valoración económica de 12.24 €/hora alcanza un total de **330.48 €** e materiais de obradoiros por un importe de 750 € non tipificados no prego .

**Feitoria Verde:** oferta 785.5 horas dedicadas a melloras por un importe económico de 10021 € se desglosa nun ha táboa (páxina 34).




## CONCELLO DE SANTIAGO

Nº de horas globais (dedicadas a melloras)	Melloras		Reporte económico (€)
	Horas de apertura	Horas fora de apertura	
785.5	92	251	10021

Non queda claro si o reporte económico corresponde o Nº de horas globais ou as melloras tanto de horas de apertura como de fóra de apertura.

Tampouco queda claro que se entende por “Nº de horas globais (dedicadas a melloras)” e as dúas columnas sucesivas coa tipificación Melloras, si son coincidentes, superpostas ou calquera outra interpretación, como xa se indicou noutros apartados deste informe.

Das 785.5 horas xa se teñen computado as de



Plan de difusión e comunicación	Concurso “Mapa emocional de Santiago...”	41	0	6	621.5
---------------------------------	--	----	---	---	-------

e as

Apartado	Mellora	Nº de horas globais (dedicadas a melloras)	Melloras		Reporte económico (€)
			Horas de apertura	Horas fora de apertura	
Plan de difusión e comunicación	Visualización ...	24	0	0	264
	Elaboración de material divulgativo	46	0	0	176

Co que se terían que descontar, salvo que se entenda que no prego, coma non se indica claramente, se poida computar en apartados diferentes a mesma oferta, ou computalos por duplicado.

Na páxina 33 da memoria di:

“ En liñas xerais as melloras propostas supoñen un incremento no número de horas ofertado. Concretamente:



Un incremento de 251 hora fóra do horario de apertura do CIAC, que supoñen un 43.7 %, pasando de 323 a 574.

Reforzo de 92 horas dentro do horario de apertura do CIAC (11.6 %). Durante estas horas haberá no centro dúas educadoras en lugar dunha e estaranse realizando varias tarefas ao mesmo tempo, tal como aparece reflectido no cadro.”

Estras horas non a parecen nesta páxina cunha valoración económica, tampouco na táboa da páxina 34 onde si que aparecen coma subtotaís nos que se atopan incluídas horas doutras melloras valoradas.

Nas páxinas 40 e 41 do capítulo de orzamentos non aparece ningún nº relativo a horas (nin total, nin subtotal, nin outros) coincidente nin co 251, ni 92 nin 785.5.

Nas páxinas 40 e 41 do capítulo de orzamentos non aparece ningún nº relativo a Prezo nin reporte económica, nin que utilice coma unidade € (nin total, nin subtotal, nin outros) coincidente co 10.021 €.

A vista da memoria presentada, dos criterios establecidos no prego, e os acordos das mesas de contratación, considero na data de hoxe, a opción a ter en conta a seguinte:


Considerando 347 (251 +92 - 6) horas Melloras tendo en conta a valoración económica de 13.52 €/hora alcanza un total de **4691.44 €**.

**CEM:** Oferta 100 horas, tendo en conta a valoración económica de 12.84 €/hora alcanza un total de 81.12 €. por un importe de **1.284,00 €**.

#### **4.- TÁBOA RESUMO:**

##### **OFERTA ECONÓMICA SEN IVE**

ADEGA:	20.400,00 €	Baixa: 910,22 €
SOREX:	18.917,00 €	Baixa: 2.393,22 €
CEM:	19.834,71 €	Baixa: 1.475,51 €
Feitoría Verde:	20.882,25 €	Baixa: 427,51 €



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

**VALOR ECONÓMICO MELLORAS**

ADEGA:	2257,20 €
SOREX:	1.650,48 €
CEM:	3.584,00 €
Feitoría Verde:	4.772,56 €

**BENEFICIO ECONÓMICO REPERCUTIBLE FAVORABLE O CONCELLO  
(BAIXA + MELLORAS)**

ADEGA:	3.167,42 €
SOREX:	4.043,70 €
CEM:	5.059,51 €
Feitoría Verde:	5.200,53 €

**A oferta mellor valorada é a presentada por Feitoría Verde**, seguida pola de CEM S. Coop. Galega , despois SOREX Ecoloxía e Medio Ambiente e por último a de ADEGA.

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2015

Xefe de Sección de Biodiversidade e Educación Ambiental  
Asdo: Ángel Pérez Otero

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CONZIOED	<i>Expediente</i> CON/5/2015	

### ACTA DA 11ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Servizo de organización e realización do programa de actividades de educación medioambiental e o programa de actividades do Centro de Interpretación do Medio Urbano e natural de Santiago de Compostela así como a realización das funcións de atención ao público e visitas guiadas ao devandito Centro de Interpretación.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 21.310,22 euros máis IVE. **PROCEDEMENTO:** Negociado sen publicidade.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de contratación, R/ Pte. Salvador Allende, 6-8, 29 de outubro de 2015, ás 9.05 horas.

#### **ASISTENTES:**

**Presidente:** D. Rafael Peña Vidal.


**Vocales:** D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.  
D. Gonzalo Muíños, representante do grupo PSOE.  
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.  
D. Angel Pérez Otero, xefe sección biodiversidade.  
Dna. Inmaculada Viña, interventora xeral municipal.  
D. José Ramón Alonso Fernández, en representación da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adxudicatario, **Feitoría Verde Soc. Coop. Galega**, consideran acreditada a mesma, e polo tanto ratifican a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión desta mesa de contratación a favor do mencionado licitador.

Ás 9.10 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE  
O/A PRESIDENTE DA MESA**



**O/A SECRETARIO/A DA MESA**

